


MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO

34 CÓMICO E FESTIVO



CANGAS 2017
30/06 _ 08/07

susanarey-projects.com



ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. A MOSTRA
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 12. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 16. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 19. XVII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 22. ACTIVIDADES PARALELAS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto
Coordinación: Salvador del Río
Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro
Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó
Xestión Económica: María Xosé Mariño "Che"
Departamento Comercial: Julia Abal Rúa
Prensa: Clara Castilla

Técnicos Municipais:
Técnico de Cultura: Estanislao Graña
Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez
Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:
Anxo Graña
Héctor Pazos
Diego R. Camaño
Serafín Piñeiro

Auditorio Municipal
Paco Alfaro
Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:
A.C. Xiria
Ilmo. Concello de Cangas
Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas
Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:
Ilmo. Concello de Cangas
Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
AGADIC
Frigoríficos del Morrazo
Excma. Deputación de Pontevedra

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño cartel: Susana Rey
Deseño programa e páxina web: Diego Seixo
Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2017

PROGRAMA

XOVES, 29 DE XUÑO

12:00h. **RÚAS DE BUEU**
XANCIÑO "CHISMES" de ADRIÁN RÍOS

VENRES, 30 DE XUÑO

12:00h. **RÚAS DE CANGAS**
XANCIÑO "CHISMES" de ADRIÁN RÍOS
20:00h. **AUDITORIO MUNICIPAL**
INAUGURACIÓN **EXPOSICIÓN DE BONECOS** de TANXARINA
20:30h. **PARQUE DA PALMA**
UP2DOWN de TRASPEDIANTE
22:30h. **AUDITORIO MUNICIPAL**
PREGÓN INAUGURAL por MARÍA SALGUEIRO
NACIDAS LIBRES de CONTRAPRODUCCIÓN

SÁBADO, 1 DE XULLO

12:00h. **RÚAS DE MOAÑA**
XANCIÑO "CHISMES" de ADRIÁN RÍOS
18:30h. **PRAIA DE RODEIRA**
TEATRO NA MOCHILA de CARBALLO CON BOTAS
20:30 e 21:30h. **CAMERINOS DO AUDITORIO MUNICIPAL**
UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS de TEATRO EN PUNTO
20:30h. **CAPELA DO HOSPITAL**
AGARES QUE BULIGAN GOZANDO AO SOL DUNHA
HABANEIRA QUE NON É de INHERENTE TEATRO
20:30h. **PRAZA DA CONSTITUCIÓN**
A VIDA TOLA de NATALIA OUTEIRO "PAJARITO"
22:30h. **AUDITORIO MUNICIPAL**
RÍO BRAVO de CHÉVERE

DOMINGO, 2 DE XULLO

18:30h. **PRAIA DE VILARIÑO, ALDÁN**
TEATRO NA MOCHILA de CARBALLO CON BOTAS
20:30h. **PRAZA DE OJEA**
OUTONO de PISTACATRO
22:30h. **AUDITORIO MUNICIPAL**
LA EXTINTA POÉTICA de NUEVE DE NUEVE

LUNS, 3 DE XULLO

Do 3 ao 8 de Xullo de 10:00 a 15:00h. **CASA DA CULTURA**
OBRAIDROIRO: O ACTOR CREADOR por VÍCTOR DUPLÁ
18:30h. **REVOLTALLO EN PEDRA: CAPELA DO HOSPITAL**
Obraidoiro Teatro María Soliño **O PRINCIPIÑO**
19:00h. **REVOLTALLO EN PEDRA: EIRADO DO COSTAL**
Clara Miranda: **ALEGRÍAS DE CÁDIZ**
ACCIÓN TRANSITIVAS ¡AUCH! da EMAEC*
20:00h. **REVOLTALLO EN PEDRA: PALCO NAVES DE OJEA**
Escola de Danza Inés Núñez: **DANZAS DO MUNDO**
20:30h. **REVOLTALLO EN PEDRA: PALCO DA MÚSICA**
Aroa Berjón: **KAKÚN, A ÁRBORE DA MONTAÑA e A**
COROA, A ESPADA e O TRAXE SUAVE DE PELUCHE
21:15h. **REVOLTALLO EN PEDRA: ADRO DA IGREXA**
Escola de danza Maite Quiñones: **DANZA NA RÚA**
Marga Outeiral: **GRUPO DE DANZA ORIENTAL**
22:30h. **REVOLTALLO EN SALA: AUDITORIO MUNICIPAL**
INCENDIOS da EMAEC*

MARTES, 4 DE XULLO

20:30h. **PRAZA DE OJEA**
LAS POLIS de LAS POLIS DÚO CLOWN
22:00h. **SALASÓN**
I TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA
24:00h. **SALASÓN**
NON É PAÍS PARA CONAS de ENCONARTE PRODUCCIÓN

*Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas

MÉRCORES, 5 DE XULLO

16:30h. CASA DA CULTURA

ENCONTRO E DIÁLOGO D^{OS} AXENTES TEATRAIS

20:30h. PISTA DEPORTIVA DOS XARDÍNS DO SEÑAL

EQUILIBRANDO ILUSIONES de CIRCOVITO

21:00h. AUDITORIO MUNICIPAL

A GALIÑA AZUL de TANXARINA

22:30h. CAPELA DO HOSPITAL

OS CANS NON COMPRENDEN A KANDINSKY de AVELINA PÉREZ

XOVES, 6 DE XULLO

17:00h. CASA DA CULTURA

TALLER ADICAM: MULLER IMPERFECTA, MULLER FELIZ

20:30h. PARQUE DA PALMA

EKILIBUÁ de MAINTOMANO

22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL

ENCORE UNE HEURE SI COURTE de THÉÂTRE DU MOUVEMENT & LA MECÁNICA

VENRES, 7 DE XULLO

20:00h. CAPELA DO HOSPITAL

PRESENTACIÓN DA REVISTA GALEGA DE TEATRO

20:30h. PRAZA DO COSTAL

PEQUENO CABARET INFANTIL de NELSON QUINTEIRO

22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL

EMILIA de TEATRO DEL BARRIO

SÁBADO, 8 DE XULLO

12:00h. AUDITORIO MUNICIPAL

ESTATUTO D^{OS} ARTISTAS/TRABALLADOR^{AS} DA CULTURA

12:00-13:30h. e 17:30-21:15h. AUDITORIO MUNICIPAL

XVII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN a ANTÍA CAL

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL a CÁNDIDO PAZÓ

LA SECCIÓN de A TIRO HECHO

TAQUILLA

1. VENDA DE ABONOS

Do 15 de maio ao 18 de xuño de 2017.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo do abono: 45€*

A adquisición do abono ten as seguintes vantaxes:

1. Desconto de 8€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garantiza a entrada sen colas en taquilla para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, o beneficiario do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

2. VENDA ANTICIPADA PARA CADA UN DOS ESPECTÁCULOS

A partires do 20 de xuño ata o mesmo día da representación de cada espectáculo.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo: 8€* agás o espectáculo A GALIÑA AZUL: 5€

3. VENDA DE ENTRADAS O MESMO DÍA DA FUNCIÓN

Despacho de Billetes do Auditorio, dúas horas antes do comezo da función.

Prezo: 8€ agás o espectáculo A GALIÑA AZUL: 5€

4. ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS NO AUDITORIO INCLUIDOS NO ABONO E PARA OS QUE SE PODEN ADQUIRIR ENTRADAS INDIVIDUALMENTE

Venres, 30 de xuño: NACIDAS LIBRES

Sábado, 1 de xullo: RIO BRAVO

Domingo, 2 de xullo: LA EXTINTA POÉTICA

Mércores, 5 de xullo: A GALIÑA AZUL

Xoves, 6 de xullo: ENCORE UNE HEURE SI COURTE

Venres, 7 de xullo: EMILIA

Sábado, 8 de xullo: LA SECCIÓN

***O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo sen gastos de comisión de xestión.**



A MOSTRA

Cando en pleno século XXI o humor, en calquera das súas vertentes, branco, negro ou do absurdo, é cuestionado e hai quen pensa que se pode legislar sobre a ficción, na MITCFC queremos destacar os múltiples beneficios que o humor e as artes vivas exercen sobre a nosa sociedade e as nosas vidas e cuestionármolos, tamén, a triste idea de que o “políticamente correcto” e as leis se poden aplicar á ficción.

O humor é un código, unha convención creada e pactada pola sociedade para analizar a realidade, criticala, deformala, contestala ou ridiculizala. Un código que nos permite facer ou padecer as críticas máis descarnadas sen que o sangue chegue ao río, teñamos o sangue vermella ou azul.

O humor é pedagóxico, mellora a comunicación e axiliza a comprensión. O humor é, en definitiva, saudable.

Legislar sobre a ficción, ademais de ser algo impropio dunha sociedade avanzada e democrática, é espantosamente ridículo. ¿Quen, no seu san xuízo, pode pretender levar ante a xustiza as tramas e os conflitos dos personaxes da literatura dramática ou cinematográfica? Habería que ilegalizar unha boa parte do cine norteamericano e, de paso, os textos de autores claves da nosa cultura como Aristófanes, Shakespeare, Molière, Emilia Pardo Bazán, Bertolt Brecht, Valle-Inclán, Albert Camus, Dorotea Bárcena, Harold Pinter, Roberto Vidal-Bolaño, Sarah Kane, Samuel Beckett, Franca Rame e Darío Fo ou Sor Juana Inés de la Cruz.

Na MITCF de Cangas defendemos con rotundidade a liberdade de creación e expresión. Así, Ficción e Humor brillarán un ano máis nesta Mostra que chega xa á súa 34 edición.

Benvidas e benvidos, pois, á festa da liberdade que son o TEATRO e o HUMOR.



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS



NACIDAS LIBRES

Contraproducións en coprodución coa MITCFC, Galicia. Auditorio Municipal, Venres 30 Xuño 22:30 h. Estrea Absoluta

Contraproducións é unha empresa galega dedicada á creación de espectáculos escénicos. Conducida por Cándido Pazó, autor e director teatral, e Belén Pichel, xefa de produción. Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa cun público de amplo espectro, é a plataforma que acolle a maior parte das creacións escénicas de Cándido Pazó no campo do teatro e a narración oral, aínda que dando cabida tamén a outras figuras da dirección escénica ou a escritura teatral, así como a coproducións ou colaboracións con outras estruturas.

Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de traballo, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nunha aula de cultura, hai anos pechada, dunha entidade bancaria que hai anos cambiou de nome. En vista de que non topan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelos elas, encomendándollos a unha xove escritora que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais: "A policía rescata tres monxas indias retidas contra a súa vontade nun convento de clausura en Santiago".

Elenco:

Susana Dans
Casilda Alfaro
Mónica Caamaño
Rocío González

Autor: Cándido Pazó
Dirección: Cristina Domínguez
Escenografía: Carlos Alonso
Deseño de son e música orixinal: Guillermo Fernández
Deseño iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Carlos Alonso



RÍO BRAVO

Chévere, Galicia. Auditorio Municipal, Sábado 01 Xullo 22:30 h. Estrea Absoluta

A finais de xuño de 1987 Chévere actuaba por primeira vez en público e o facía na Praza dos Bombeiros de Santiago de Compostela, detrás da Escola Mestre Mateo. Trinta anos despois daquela noite de verán a compañía segue funcionando e está vivindo un dos seus mellores momentos artísticos e profesionais. Premio da Crítica de Galicia 2011. Premio de Honra da MIT de Ridabavia 2012. Premios María Casares ao Mellor Espectáculo en 2012, 2014, 2017. E Premio Nacional de Teatro 2014, converténdose na primeira compañía galega en ter este recoñecemento, o máis importante das artes escénicas de ámbito estatal, que desde 1949 recibiron apenas 7 compañías (Els Joglars, La Fura dels Baus, Ur Teatro, Teatre Lliure, Animalario, Atalaya e La Zaranda). Para celebrar este 30 aniversario, Chévere quere facelo agasallando ao público. Por iso vai ofrecer a posibilidade de revivir a experiencia de asistir a Río Bravo, o seu primeiro gran éxito de público.

Río Bravo, un lugar do (nor)Oeste, á saída dalgunha revolta, onde os homes son homes e as mulleres tamén. Un musical trepidante que esgota por fin os estereotipos do western ríndose de todos eles. O lugar onde Chévere se atopou consigo mesmo e iniciou a marcha lenta e implacable cara á busca da súa identidade. Esta é unha revisitación do mito. Río Bravo está no mesmo sitio. Non mudou de ubicación nin de aparencia. Os personaxes, os ambientes, a aventura, en definitiva, segue sendo a mesma. E algúns dos que a fan posible tamén. Un musical en directo. Unha comedia disparatada. Unha festa teatral para goce de todos os públicos. Vinteseite anos despois coma se fose hoxe.

Elenco: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Xron, Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido, Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez e Manuel Cebrián.

Autor: Chévere.

Dirección colectiva.

Música: Fran Pérez.

Vestuario e escenografía: Carlos Alonso.

Confección: Maribel Gómez.

Iluminación: Fidel Vázquez.

Son: Xurxo Pinheiro.

Comunicación: Xana García.

Unha produción Chévere co apoio do Concello de Santiago de Compostela.
Chévere é compañía residente no concello de Teo.



LA EXTINTA POÉTICA

Nueve de Nueve, Aragón. Auditorio Municipal, Domingo 02 Xullo 22:30 h. Estrea en Galicia

Nueve de Nueve naceu no 2012 co espectáculo “Al dente” . Máis adiante, as membros da compañía, Carmen Barrantes e Laura Gómez-Lacueva, iniciaron un proceso de busca e creación xunto aos membros da compañía La Zaranda, Eusebio Calonge e Paco de La Zaranda, que as levou a poñer en pe o espectáculo “La Extinta Poética” . A este proceso de busca e creación que durou arredor de dous anos, uníronse o actor Rafael Ponce e a bailarina Ingrid Magrinyà creando un espectáculo multidisciplinar como é “La Extinta Poética”.

Dos estimulantes aos tranquilizantes, da velocidade aos somníferos, das píululas para a potencia sexual ás anticonceptivas. ¿Qué fai Ofelia na nosa época? Entre a futilidade dos desexos e traxedias mesquiñas dunha familia, na súa cotidianidade crebada, un ser desvalido sente o impulso grande, vital, esencial, da arte. Un canto de cisne, unhas flores lanzadas ao río, a fragilidade da beleza ameazada sempre.

Elenco:

Carmen Barrantes
Laura Gómez-Lacueva
Ingrid Magrinyà
Rafael Ponce

Dirección: Paco de La Zaranda

Texto: Eusebio Calonge

Espazo Escénico: Paco de La Zaranda

Deseño Iluminación: Eusebio Calonge

Coordinación Técnica: Carlos Samaniego

Producción Técnica: Hernán Romero

Espazo Sonoro: Torsten Weber

Fotografía: Bruno Rascão


Deseño Publicidade: Víctor Iglesias

Producción Executiva: Kike Gómez - Padam Producciones

Distribución en exclusiva: Iraya Producciones

Galardoada co Premio Revelación nos IX PREMIOS ARES.

Teatro no Auditorio 07



A GALIÑA AZUL

Tanxarina Títeres, Galicia. Auditorio Municipal, Mércores 05 Xullo 21:00 h. Estrea Absoluta

A compañía TANXARINA TITERES foi fundada no ano 1.983, por varios ex-alumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de marionetas de fíos do Institut del Teatre de Barcelona. Dende entón converteuse nunha das formacións mais recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego tanto dentro como fóra de Galicia. A relación escénica entre títeres e actores vén sendo unha das señas de identidade da compañía dende os seus primeiros espectáculos. TANXARINA TÍTERES ten presentado os seus traballos nos máis importantes festivais de teatro de títeres do estado, Europa e América.

"Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. Unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de cores. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas, senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas ás autoridades."

A Galiña Azul é un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade, destinado ao público infantil e familiar, no que empregamos diversas técnicas de manipulación de bonecos e traballo actoral.

Elenco:

Miguel Borines Fernández

Adrés Giráldez Río

Eduardo R. Cunha "Tatán"

Escenografías e creación de bonecos: Pablo Giráldez "Pastor"/TANXARINA

Música: Francisco Martínez Barreiro

Vestuario: Carlos Alonso

Adaptación e supervisión escénica: Cándido Pazó



ENCORE UNE HEURE SI COURTE

Théâtre du Mouvement & La Mecànica, Francia/Baleares. Auditorio Municipal, Xoves, 6 Xullo 22:30 h. Estrea en Galicia

Théâtre du Mouvement, fundada en 1975, está codirixida por Claire Heggen e Yves Marc. O seu concepto da arte do actor e do mimo contemporáneo basease na teatralidade do movemento e do xesto. Integran o seu coñecemento do Mimo corporal e sitúanse na fronteira entre a danza dramática, o teatro de obxectos e un teatro textual no que o corpo está totalmente implicado.

La Mecánica, compañía produtora de artes escénicas con base en Mallorca, traballa e colabora transversalmente con artistas nacionais e internacionais arredor do teatro visual e corporal en todas as súas formas.

De tres caixas xorden tres homes, curmáns remotos de Beckett, Tati e Buster Keaton. A súa insólita xestualidade oscila entre o virtuosismo refinado do movemento e a acrobacia. Exprésanse nunha linguaxe estraña, imaxinaria, musical e poética. Palabras entrecortadas, palabras compostas e sons inesperados dialogan co corpo dando lugar a un movemento desacompasado, descomposto, xeométrico, inusual. De táboas a caixas, de caixas a cubos, de cubos a follas de papel...

Estes tres seres exploran unha contorna descoñecida e hostil. Embárcanse nunha viaxe improbable coa axuda dun plano incerto.

Dirección: Claire Heggen

Textos musicais: Georges Aperghis

Intérpretes: Pau Bachero, Albert Mèlich, Alejandro Navarro

Deseño sonoro e consello musical: Richard Dubelski

Deseño de iluminación: Etienne Dousselin

Asesoramento artístico: Yves Marc

Vestiario: Jean-Jacques Delmotte

Técnico en Xira: Manu Martínez

Produción executiva e asistencia á dirección: Joana Castell

Produción executiva e tour manager: Gal-la Peire

Fotografía: Sandrine Penda

Premio ao mellor espectáculo NOCHES FETEN 2016.



EMILIA

Teatro del Barrio, Madrid. Auditorio Municipal, Venres 07 Xullo 22:30 h. Estrea en Galicia

A vontade coa que abrimos Teatro del Barrio é abertamente política: participar no movemento cidadá que xa está a construír outro xeito de convivir. Este teatro nace da fame de realidade. A realidade ten sempre algo marabilloso: por terrible que sexa, pódese transformar. Cando se coñece. E esta é a vocación do proxecto: saber que está a pasar aquí, porque non nos gusta e porque o queremos cambiar. Este teatro pretende ser unha asemblea permanente onde mirar xuntos o mundo para, xuntos, imaxinar outro onde a boa vida sexa posible.

EMILIA mostra a loita dunha muller, Emilia Pardo Bazán, que, nas postremeiras do século XIX, empéñase en ser ela mesma, é dicir, en conducirse fiel aos seus desexos e vontade de escribir e participar na vida pública.

Emilia intentou ingresar na Real Academia de la Lengua. Sen éxito. A súa insistencia custoulle a reprobación de moitos dos seus contemporáneos, incluso despois de ter conseguido a admiración dalgúns outros. Por riba das polémicas, en EMILIA sobresaee a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente divertida.

Autora: Noelia Adánez

Directora: Anna Rodríguez

Asistente á dirección artística: Pablo Esguevillas

Intérpretes: Pilar Gómez

Deseño de iluminación: Raúl Baena

Deseño de escenografía: Teatro del Barrio

Deseño de vestiario: Ana Salvador

Creación toucado: Bibiana Borissova

Perruquería: Montse Ortega

Espazo sonoro: Iñaki Rubio

Deseño Gráfico: Jacobo Gavira



LA SECCIÓN

A tiro hecho, Valencia. Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 22:30 h. Estrea en Galicia

A tiro feito.

1. loc. adv. Apuntando con grandes probabilidades de non errar o tiro.
2. loc. adv. Determinadamente, con propósito deliberado.

A Tiro Hecho é o proxecto escénico de Carla Chillida e Elías Taño. Inscríbuse en Facenda en febreiro de 2011. Puxémoslle a etiqueta de “teatro físico” político porque aprendemos que isto é o que facemos.

Fronte á visión puramente androcéntrica que se nos transmitiu sobre a guerra e posterior ditadura, con La Sección, quixemos presentar aspectos que tiveron unha importancia capital no devir das vidas de tantas mulleres que foron marcadas por unhas imposicións educativas- políticas-relixiosas e de xénero que deixaron unha profunda pegada na sociedade española do momento.

Así pois, centrámonos na figura de Pilar Primo de Rivera, Mercedes Sanz-Bachiller e Carmen Polo, a través da evolución da Sección Femenina.

Producción: Teatro del Barrio e A Tiro Hecho

Intérpretes: Jessica Belda, Manuela Rodríguez e Natalie Pinot

Autoría: Ruth Sánchez González e Jessica Belda

Dirección: Carla Chillida

Elementos Escenográficos: A Tiro Hecho e Teatro del Barrio

Iluminación: Tony Sánchez

Espazo Sonoro: Lucas Valera

Vestuario: Ana Labrador

Marioneta Franco: Carla Protozoo e Juanfran Jacinto

Grafismos: Elías Taño

Agradecemento especial ao Teatro Español e a Merla Costu pola súa colaboración no vestuario e a José Banyuls pola súa colaboración na gravación de audios.

Coa colaboración da Generalitat Valenciana y Culturarts.



XANCIÑO "CHISMES"

Adrián Ríos, Galicia.

Bueu, Xoves 29 Xuño / Cangas, Venres 30 Xuño / Moaña, Sábado 01 Xullo. Todas ás funcións ás 12:00 h.

Adrián Ríos é un actor de Moaña. Comeza a súa formación de Interpretación na EMAEC, licenciándose posteriormente nesta especialidade na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Participa dende moi novo en diversas montaxes de teatro e iníciase no mundo audiovisual a partires do ano 2010. Compaxina nos vindeiros anos o traballo en teatro e televisión, entre outros, con formación adicional, como: teatro xestual, esgrima, danza, loita escénica, acrobacia escénica, comedia dell'arte, cámara e cine. Na actualidade amplía a súa formación en Madrid (Centro del Actor).

Xanciño "Chismes" é un mariñeiro da vila que fala de todo e non sabe de nada. Percorreu bastante mundo (ou iso di) e por iso lle gusta contar á xente todos os "chismes" dos que se enterou por aí. Dedícase a ir pola vila co seu carro cheo de nasas, redes e demais aparellos buscando con quen falar. É algo botarate e non ten pelos na lingua, pero é bo rapás.

Creación e interpretación: Adrián Ríos



UP2DOWN

trasPediante, Galicia.

Parque da Palma, Venres 30 Xuño 20:30 h.

trasPediante é un xenerador de proxectos culturais principalmente relacionados coa danza.

Dúas bailarinas e dous cables de funambulismo dirixidas por un pallaso. "Up2Down" é un espectáculo de circo-danza contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo.

As bailarinas Marta Alonso & Paula Quintas interpretan a dúas personaxes definidas polo seu estatus antagónico: o alto e o baixo; a funambulista, etérea e ideal, e a Pallasa, terreal e mundana. Xunto a elas, percorrerás unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata que acadan un punto de encontro: o equilibrio.

Intérpretes: Marta Alonso & Paula Quintas

Creación colectiva dirixida por: Arturo Cobas

Asistencia de dirección e dramaturxia: Natalia Outeiro "Pajarito" e Kirenia C. Martínez

Coreografía: Marta Alonso & Paula Quintas

Música orixinal: María Mendoza

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Vestuario: Fany Bello

Produción: trasPediante

Distribución: Pistacatro Productora de soños S.L.



TEATRO NA MOCHILA

Carballo con botas, Galicia.

Praia de Rodeira, Sábado 01 Xullo / Praia de Vilariño, Domingo 02 Xullo. Todas as funcións ás 18:30 h.

Carballo con Botas con máis de 8.000 actuacións dende hai 27 anos en 300 espazos de rúa, praias, parques, teatros, centros escolares, hospitais, centros penitenciarios, bebetecas, centros da terceira idade, bibliotecas..., da Galiza, Portugal, Euskadi, Castela, Asturias., a través de animacións teatrais con contacontos, obradoiros, títeres e monicreques.

Un actor cun teatriño de madeira dentro dunha mochila reciclada pendurado nas costas viaxa polas praias de Cangas instalando unha sombrilla ou parasol cunha cadeira para ceibar historias dentro do teatriño que denuncian as mareas negras, a contaminación dos mares, o lixo nas praias..., promovendo a sensibilización sobre o coidado da riqueza do ecosistema dunar e marítimo protagonizadas por monicreques tecidos por artesáns galegas. A historia do Tío Teixo, da Serea Luvíñas, de Sabeliña, Sabelar, unha pinguiña de mar que humana quería ser e coas nenas e nenos na praia xogar...

Creación e interpretación: Anxo Moure Mosquera

A VIDA TOLA

Natalia Outeiro "Pajarito", Galicia.

Praza da Constitución, Sábado 01 Xullo 20:30 h.

Natalia Outeiro "Pajarito" é unha pallasa galega con máis de 10 anos de experiencia sobre os escenarios, tanto como actriz e pallasa como directora de máis dunha ducia de espectáculos vinculados ás artes do Circo.

O peculiar universo desta muller-nena que anda solta polas rúas, fai de cada praza un novo xogo cada día. Xunto con todo o que a rodea, sucédense momentos de risas inesquecibles a través da súa interacción co público e cos transeúntes que para a ver as tolerías que lles ofrece esta gran pallasa. Pajarito é xa unha artista patrimonio da humanidade e a Oitava Maravilla do Mundo!!!!

Dirección: Pajarito e Antón Coucheiro

Interpretación: Natalia Outeiro "Pajarito"



OUTONO

Pistacatro, Galicia.

Praza de Ojea, Domingo 02 Xullo 20:30 h.

Pistacatro Produtora de Soños é a compañía e produtora de Circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia. Logo de 10 anos da súa constitución, pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia.

Outono é unha homenaxe aos pallasos clásicos, contada a través dunha compañía de clowns en plena crise. Un show de teatro-circo con música en directo que nos conta a viaxe nostálgica de catro artistas ao seu pasado, unha celebración da amizade e os fracasos.

Elenco: Aitor Garuz, Manu Lago, Natalia Outeiro "Pajarito" e Pablo Reboleiro

Dirección: Antón Coucheiro

Escenografía e Vestiario: Uxia Vaello

Música: Xabier Mera

Canción "Idiota": José Díaz

Apoio dramaturxia: Marcos Carballido

Maquillaxe: Trini F. Silva

Sastra: María Villas con Maravillas Atelier

Deseño Imaxe: Juan Gallego

Foto promocional: Afonso G. Sestelo

Fotos espectáculo: Lara Bancelos

Vídeo: Tamboura Films

Producción: Pistacatro Produtora de Soños S.L. (Belém Brandido/José Expósito)



LAS POLIS

Las Polis Dúo Clown, Castilla-La Mancha. Estrea en Galicia

Praza de Ojea, Martes 04 Xullo 20:30 h.

As Polis Dúo é unha compañía integrada polas pallasas Marta Sitjá e Fanny Giraud.

Un espectáculo que non ten por obxectivo rirse da policía senón de mulleres que buscan ser resistentes e intocables como o corpo policial.

¡Elas están alerta! ¡Elas defenden a lei!

Susana e Vanesa: Axentes de policía.

A súa misión: Protección do cidadán e mantemento da orde.

O seu lema: Todo está baixo control.

A única pregunta: Quen as controla a elas?

As Polis é un espectáculo de clown de rúa con dúas mulleres policías como protagonistas. Encargadas de manter a orde e a seguridade despregan todas as súas forzas co fin de ensinar á poboación que todo está baixo control.

Dirección: Christophe Thellier

Colaboración no proceso creativo: Antonio J. Gómez

Escenografía: Jiribilla

Vestiario: Laura León e Nuria Vicent

Producción: Iván Monje

Deseño Gráfico e Web: casadelocos.es



EQUILIBRANDO ILUSIONES

Circovito, Andalucía. Estrea en Galicia

Pista Deportiva Xardíns do Señal, Mércores, 05 Xullo 20:30 h.

Víctor Sánchez comeza a súa formación en Madrid (Carampa, EMCA...) e realiza un curso anual en "Charivari". Segue a súa formación na "Escuela Nacional de Circo de Moscova" e no "Espace Catastrophe" de Bruxelas, impartindo os seus primeiros cursos e colaborando no proxecto "Creahm", con persoas con dificultades. Máis tarde viaxa á Habana (Cuba) para depurar a técnica da escaleira sobre a corda frouxa.

Un personaxe elegante, brincallón, carismático e humilde, buscará a implicación de adultos e nenos. Acompañado de improvisacións, toques de humor e poesía, este espectáculo destaca polo seu nivel técnico sobre unha "corda frouxa" de 8 mm de grosor pola que o personaxe camiña de xeito excéntrico pasando por riba dunha persoa voluntaria, sentada baixo a corda.

Autor, director e actor: Víctor Sánchez

Premios:

"Coup de Cœur 2009" Festival de Artistes de Rue (Suiza).

"Pavé de Argent 2010" F. des Artistes de Rue de Vevey (Suiza).

"1º Premio Tafalla 2011" Festival de Teatro Tafalla Va de Calle.



EKILIBUÁ

Maintomano, Francia/Castilla-León.

Parque da Palma, Xoves, 06 Xullo 20:30 h.

A compañía Maintomano leva máis de dez anos xa, man a man facendo Circo... ou poesía física entre dúas almas cómplices. Composta por Marcos Rivas e Morgane Jaudou.

Dous personaxes e o seu pequeno rabaño rodante... A xogar!!!! Xogos de construción de plataformas diferentes. Xogamos a ver quen sube máis alto, ata que non se poda máis ... Xogo arriscado!!!! Sempre ollando a ver quen leva a voz cantante pero, sobre todo, xogando man con man. Ekilibuá é un espectáculo para todos os públicos que fusiona a teatralidade cos portés acrobáticos, o lanzamento de coitelos, os equilibrios, a manipulación de obxectos.

Reperto: Marcos Rivas e Morgane Jaudou

Dirección: Maintoman

Premios:

Mellor espectáculo de rúa "Feria de teatro de Castilla y León 2014".

"Estación Norte" mellor espectáculo TAC Valladolid 2016.



PEQUENO CABARET INFANTIL


Nelson Quinteiro, Galicia.

Praza do Costal, Venres 07 Xullo 20:30 h.

Nelson Quinteiro é director de escena, coreógrafo, actor, bailarín, produtor, guionista, escritor e músico por vocación. Vencellado ao mundo do cabaré, da música e do teatro de rúa dende 1998, é creador de propostas como o Festival Galego de Cabaré, Compostela Carpa Cabaré, Noites Efervescentes de Ferrol, Portamérica Circo Cabaret, Pequeno Circo de Nadal, ou Pequeno Circo de Entroido, entre outras.

Un espectáculo cun vistoso teatriño inspirado nas barracas de circo antigo. Alí un curioso mestre de cerimonias que se fai chamar "Pedriño Mendrugado" presenta a súa artista internacional, "Jacinta Florette", pero esta non dá aparecido por ningures. O artista botará man de cancións, contos populares ou xogos de toda a vida para sacar adiante un espectáculo con moita interacción e risas aseguradas. E até un circo de pulgas!

Idea orixinal, guión e interpretación: Nelson Quinteiro
Axudante e asistente de produción: Susi Ons



AGARES QUE BULIGAN GOZANDO AO SOL DUNHA HABANEIRA QUE NON É

Inherente Teatro en coprodución coa MITCFC, Galicia.

Capela do Hospital, Sábado 01 Xullo 20:30 h.

I.T. nace co profundo desexo de comunicar dende un punto de vista persoal a nosa visión da idea de xénero dentro do noso ecosistema político-social. Buscando o empoderamento da muller. Unha muller "segura de si mesma". Os camiños vindeiros estanse a debuxar pero sempre dentro dun plano de controversia política e social. Sempre, nun continuo intento de xusticia poética.

Unha peza teatral posdramática, que integra elementos performativos debuxados sobre o plano da tradición do mar. A muller e o mar. O peixe. As algas. A orixe. Uns pés afondan na beira: uns pés de marisqueira, uns pés de sal. Nun mércores, nunha noite de luar, non precisa lanterna para arrastrar o peso da area. Catro mulleres sen xeito procuran, con moito humor, mergullarse entre agares pardos. Como elas, agares desancorados.

Creación conxunta de: Noelia Blanco, Celina Fernández, Pía Nicoletti e Laura Iturralde (Iluminadora)

Finalistas Cenit Sevilla organizado por TNT (2016).
3º Premio XuventudeCrea (2016).



UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS

Teatro en punto, Galicia.

Camerinos Auditorio Municipal

Sábado 01 Xullo 20:30 e 21:30 h.

O nome desta compañía é unha homenaxe á un espectáculo de rúa de teatro bruto, anterior denominación da mesma.

Desde o inicio a compañía aposta por espazos reais, xa na rúa, xa no interior.

Dúas persoas.

Unha situación cotiá dentro dun espazo habitual ou non, depende de para quen.


Queredes acompañarnos?

Dirección: Gloria Rico

Texto: Afonso Becerra de Becerreá

Elenco: Xosé Luís Bernal Farruco e Roberto Leal

Escenografía e vestiario: Tep



I TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

Salasón, Martes 04 Xullo 22:00 h.

Unha aposta firme da MITCFC por dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa colaboración imprescindible de DRAMATURGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega, que nace no 2015 coa intención de defender e velar polas condicións laborais das profesionais do sector.

Seis recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS galegos bátense nun terrible combate na procura do voto do público. As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios. Os espectadores asisten a seis lecturas dramatizadas realizadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio e votan os textos que máis lles teñan gustado, para que, de entre os seis participantes, resulte unha soa persoa gañadora. Un espectáculo puramente teatral, divertido e único que chega por fin a terras galegas.

Mestra de cerimonia:

Esther F. Carrodeguas

DramaturGAS:

Noelia Toledano

Avelina Pérez

Afonso Becerra de Becerreá

Roi Vidal Ponte

Carlos Labraña

Julio Fernández



NON É PAÍS PARA CONAS

Enconarte Producións, Galicia.

Salasón, Martes 04 Xullo 24:00 h.

Somos un grupo de mulleres formadas nas artes escénicas e audiovisuais que facemos teatro breve en clave de comedia. Falamos de conas e do que xurda. Convidámosvos a rir connosco.

Tres mulleres agardan ser atendidas na sala de espera de xinecoloxía. Mentres Lucía (Deborah Vukusic) desexa quedar embarazada do seu mozo de toda a vida antes de cumprir os 30, Ada (Rocío Romero) odia aos nenos e opta por mesturar varios métodos anticonceptivos, xa que o único que pretende é sacar á luz as súas alerxias vexinais e Verónica (Arantxa Treus) embarazada de oito meses, destripa as súas aventuras sexuais, que darán lugar a un inesperado final, onde os principios, coma os condóns, ás veces tamén rompen.

LUCÍA: Deborah Vukusic

ADA: Rocío Romero

VERÓNICA: Arantxa Treus

DIRECCIÓN: Diana López Varela

PRODUCCIÓN: Enconarte Producciones

Premio Pousadiño 2017 de teatro.



OS CANS NON COMPRENDEN A KANDINSKY

AveLina Pérez, Galicia

Capela do Hospital, Mércores 05 Xullo 22:30 h.

Cunha concepción teatral moi ligada ao terreal, ao social, na busca de converter o cotiá en extracotiá, e sempre transitando por un humor acedo e duro, AveLina Pérez concibe a escena como un lugar de encontro, un lugar no que a dignidade exista inda que estea camuflada, agochada, distorsionada, pero sempre presente.

"Eu estou nunha terraza, soa, escribindo ou facendo calquera cousa importante. E aparece un can. Un can sucio. Un can abandonado e sucio. O can busca polo chan da terraza comida, miro para el mentres busca. O can busca comida e eu miro. Non escribo, non fago nada importante. Miro." E desde aí o delirio. Unha viaxe mental, e minimamente física, na procura do esquecemento da imaxe do can.

Dirección e dramaturxia: AveLina Pérez

AveLina Pérez: A actriz

Daniel Casquero: O espectador

Espazo sonoro construído sobre as "Esculturas Sonoras" de Alberte Pagán.

Deseño iluminación: Daniel Casquero.

Fotografía: Martín Pol

Deseño Gráfico: Nadina Bértolo

XVII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

ENTRANDO NA HISTORIA: UNHA BATALLA POR LIBRAR

En plena Era da Información, co cambio de paradigma acontecido no modelo de comunicación, que os logros científicos, artísticos, deportivos, pedagóxicos, intelectuais e sociais das mulleres permanezan, aínda, excluídos das grandes enciclopedias, dos libros de texto e dos medios de comunicación, indica que existen serias asimetrías na información que impiden a visibilidade do labor das mulleres e informa da importante batalla que nos queda por librar.

Mulleres en Acción considera que este brutal borrado da Historia é un acto salvaxe, deliberado e ruín que segue deixando a ese cincuenta por cento da poboación que somos as mulleres fora das páxinas Historia. Esta degradante realidade fai máis obrigado que nunca sacar á luz, con determinación e sen pudor, o traballo artístico e profesional das mulleres.

Mulleres en Acción/MITCFC esfórzase en cumprir a Lei de Igualdade e aplicar a paridade á súa programación, ofrecendo espectáculos de gran, medio e pequeno formato que contén coa participación activa das mulleres. Así, nesta edición, veremos a máis de TRINTA Actrices sobre os nosos escenarios; a ONCE Directoras de Escena; SETE Autoras; SEIS Produtoras; CINCO Deseñadoras de vestiario; UNHA Compositora; UNHA Iluminadora; UNHA Escenógrafa e unha nada desprezable presenza de fotógrafas, creativas e axudantes de dirección, todas elas, boas profesionais que enriquecen o noso patrimonio artístico, cultural e teatral.

A esta aposta programática engadimos a celebración das XVII Xornadas Mulleres en Acción, tituladas “ENTRANDO NA HISTORIA: Unha batalla por librar” nas que, desde prismas diversos, abordaremos as consecuencias deste lamentable BORRADO.

Quedades convidadas e convidados a celebrar con nosoutras estas Xornadas de Igualdade e Acción.



MULLERES EN ACCIÓN

6 DE XULLO, EVENTO ADICAM, CASA DA CULTURA

17:00H. TALLER: MULLER IMPERFECTA, MULLER FELIZ

8 DE XULLO, AUDITORIO MUNICIPAL

12:00H. MULLERES IGNORADAS DA HISTORIA E A CULTURA

17:30H. NOITES LILAS

17:40H. CINCO ANOS DE CINE COMERCIAL ESPAÑOL: ONDE ESTÁN AS MULLERES?

18.30H. DEBATE

19:30H. CLAUSURA

19:45H. DOCUMENTAL: A PALABRA XUSTA

22:30H. PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A D^a ANTÍA CAL



TALLER: MULLER IMPERFECTA, MULLER FELIZ

Imparte: Marcos Sánchez Armesto, Galicia.

Casa da Cultura, Xoves 06 Xullo 17:00 h.

Evento exclusivo para asociadas de ADICAM que ten como obxectivo reforzar a autoestima e a autoconciencia por medio de xogos psicomotrices e dramatizacións de xénero. Imparte Marcos Sánchez Armesto, graduado en pedagogía teatral e experto en integración social.

TRINTA ENTRADAS SOLIDARIAS

As socias de ADICAM disporán de 30 localidades gratuítas para cada un dos espectáculos que se celebrarán no Auditorio Municipal durante a XXXIV MITCFC.



MULLERES IGNORADAS DA HISTORIA E A CULTURA

Imparte: Colectivo Noites lilas, Galicia.

Sala Expos Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 12:00 h.

Taller interactivo de igualdade, dirixido á mocidade, que ten como obxectivo rescatar os logros científicos e culturais acadados polas mulleres ao longo da Historia e reflexionar sobre os efectos desta marxinación.

NOITES LILAS

Sala Expos Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 17:30 h.

Presentación do proxecto NOITES LILAS, un colectivo de mozas que busca achegar a loita e o pensamento feminista á mocidade, a través de diferentes proxectos interactivos e debates que fomenten a reflexión e a aprendizaxe mutua.



CINCO ANOS DE CINE COMERCIAL ESPAÑOL: ONDE ESTÁN AS MULLERES?

Imparte: Asunción Bernárdez Rodal.

Sala Expos Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 17:45 h.

Profesora Titular da Universidade Complutense de Madrid de Comunicación e Xénero, Semiótica dos Medios de Masas e Teoría da Información. Doutora en Periodismo e Licenciada en Filoloxía Hispánica, dirixe o Instituto de Investigacións Feministas da Universidade Complutense. Foi coordinadora do Programa de Doutoramento en Estudos Feministas e de Xénero. Formou parte da comisión de expert@s para a violencia de xénero nos medios de comunicación do Ministerio de Igualdade. Investigadora en torno ao análise dos discursos de xénero tanto textuais como audiovisuais.

DEBATE

Sala Expos Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 18:30 h.

Presenta e modera: María Armesto, Directora Artística da MITCFC.

CLAUSURA

Sala Expos Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 19:30 h.

D. Tomás Hermelo Álvarez, Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas.

Colabora: D^a Paula Tenorio, Directora de CIM de Cangas.





A PALABRA XUSTA

Atlantis Multimedia, Galicia

Auditorio Municipal, Sábado, 08 Xullo 19:45 h.

Presenta D^a Aurora Marco, Catedrática da USC. Investigadora e Escritora.

Proxección do documental de Miguel Piñeiro baseado na vida e obra da mestra D^a Antía Cal, fundadora do Colexio Rosalía de Castro de Vigo, un centro de referencia pedagóxica e de igualdade en Galicia.

A palabra xusta é un xogo inventado por unha profesora para os seus alumnos. Ao rematar a clase cada neno ten que escribir nun pequeno papel e da forma máis sintética o que aprendeu na clase do día. Se fose posible nunha soa palabra. As respostas póñense na parede e entre todos elixen a mellor: A palabra xusta. Esa profesora chámase Antía Cal Vázquez – Tita, para os seus alumnos-, na gravación da película ten 92 lúcidos anos e dende a distancia mira aquel tempo no que fundou un colexio e puxo en marcha unha das máis singulares experiencias pedagóxicas da súa contorna.

Dirección: Miguel Piñeiro

A película documental foi estreada por El País TV ON LINE e obtivo en 48h 150.000 visionados completos. Sen dúbida un número de espectadores realmente importante para unha película documental destas características.

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

A D^a Antía Cal.

Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 22:30 h.

En recoñecemento ao seu labor pedagóxico, cultural e vital a favor dunha sociedade máis libre, culta e igualitaria e pola súa determinación e valentía para fundar a Escola Rosalía de Castro, un centro de referencia pedagóxica e de igualdade en Galicia.

1923: Nace na Habana o 18 de abril. 1932: Regresa a Galicia coa súa familia. 1940-1945: Estuda Comercio, Maxisterio e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. 1947: Casa co oftalmólogo Antón Beiras, especialista en estrabismo. 1954: Escribe unha enciclopedia para nenos en galego que merece un premio en Caracas pero que nunca chega a editarse. 1959: Escribe un libro de arte tamén en galego para alumnos de primaria que permanece inédito. 1961: Nunha garaxe de Vigo abre as portas do que se había converter nun referente de renovación pedagóxica: a Escola Rosalía de Castro. 1962: O colexio instálase xa na que será a súa sede da rúa Gran Vía de Vigo. 1968: Falece a súa parella. 1969: Asiste por primeira vez á Escola de Verán Rosa Sensat, onde tece unha amizade e unha colaboración que a unen a Marta Mata e Pilar Benejam. 1976: O número de alumnos da súa escola aumenta moito e ten que abandonar a súa sede da rúa Gran Vía para pasar ás instalacións que aínda ocupa hoxe. Unha cooperativa de pais merca o colexio e faise cargo da xestión. 1988: Xubíase. 2006: Publícase a súa autobiografía "Este camiño que fixemos xuntos", Editorial Galaxia, 2006.

Mulleres en Acción 21



PREGÓN INAUGURAL POR MARÍA SALGUEIRO

María Salgueiro, Actriz, Galicia.

Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 22:30 h.

En 1991 viaxa a Madrid para estudar interpretación con Juan Carlos Corazza.

Empeza a súa andaina profesional no programa infantil de Televisión Española, PINNIC, dirixido por Miquel Obiols, o creador de Planeta Imaxinario e Xogo de nenos.

Nese tempo traballa coa Compañía de la Danza de Madrid na produción O Enfermo Imaxinario de Molière, compartindo escenario con Enma Penella e coa que percorreu ao longo dun ano e medio, toda España.

Máis tarde participa na produción do Centro Dramático Nacional, La visita de la vieja dama, baixo a dirección de Juan Carlos Pérez de la Fuente.

No 2005 forma parte do elenco da coprodución do CDG e o CDA, Misiles Melódicos do dramaturgo Sanchís Sinisterra.

Instalada de novo en Galicia traballa na produción do Centro Dramático Galego, Salomé, así como en varias producións de compañías galegas tan recoñecidas como Teatro de Ningures: María Soliño: O desembarco dos Turcos, Bailadela da Morte Ditosa, O Ogrocho, Teatro do Morcego: O Clube da Calceta e American Café e con Arela dar Artes: Degoiro.


Participa en series como Patricia Marcos: Desaparecida (TVE), Lex (Antena 3), El Comisario e Piratas (Tele 5).

O máis recente dos seus traballos é na serie Vis a Vis de Antena 3.

Nas series da TVG: A Vida por diante, Os Atlánticos, Escoba e, recentemente, en Serramoura.

No cine traballa nas longametraxes: Divinas Palabras de Jose Luis García Sánchez; Mar Libre de Dani de La Torre; Abrígate de Ramón Costafreda; Voltar a Casa de Breogán Rivero; Lo que ha llovido de Antonio Cuadri; Una Mujer Invisible de Gerardo Herrero; El Origen del Problema de Mario Iglesias; y La declaración de los objetos de Cristóbal Arteaga, entre outras.

Actualmente atópase preparando a obra 6 cubos negros da compañía de teatro Aporía Escénica dirixida por Diana Mera.



EXPOSICIÓN DE BONECOS

Tanxarina Títeres, Galicia.

Auditorio Municipal, do 30 Xuño ao 8 de Xullo.

A compañía Tanxarina Monicreques foi fundada no ano 1983 por varios ex-alumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de marionetas de fío do Institut do Teatre de Barcelona e tamén outros profesionais galegos do teatro infantil e xuvenil. Desde entón converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de monicreques galego tanto dentro como fóra de Galicia.

Dedícase prioritariamente á produción e distribución de espectáculos dirixidos a todo tipo de públicos: infantil, xuvenil e familiar, onde se combinan diversas técnicas de animación de bonecos co traballo actoral dos propios manipuladores.

Marionetas de fíos, monicreques de luva, de varillas, sombras chinesas, bunrakus e outros gañan así en forza expresiva e comicidade. Esa relación escénica entre monicreques e actores vén sendo unha dos acenos de identidade da compañía desde os seus primeiros espectáculos.


O ACTOR CREADOR. O CARÁCTER, A ACCIÓN E O CONFLITO

Imparte: Víctor Duplá, Cantabria.

Casa da Cultura, 3 a 8 de Xullo de 10:00 a 15:00 h.

Contar un personaxe con veracidade é unha das tarefas máis complexas para unha actriz ou un actor. Unha cousa é entender intelectualmente o personaxe e outra é darlle vida e descubrir como é a súa estrutura mental, como pensa, como se relaciona coas súas emocións, co seu instinto, co intanxible ou espiritual, como actúa, como se move, cales son as súas virtudes e os seus defectos, as súas luces e sombras.

Na medida na que os actores e actrices coñecen cal é a súa personalidade expresiva, condicionada pola idade, sexo, lugar de procedencia, educación, cultura e experiencia vital, poderán comprender e expresar outro comportamento diferente ao seu, xa que explorar e coñecer a propia personalidade expresiva axudará ao actor ou actriz a baleirarse de si mesmos e encherse doutros que non son eles mesmos e así estar ao servizo da historia que o autor quere contar. O actor debe ser un instrumento libre e afinado que canaliza o personaxe para contar a historia.



REVOLTALLO EN PEDRA

Escolas e Agrupacións de Cangas.
Rúas de Cangas, Luns 03 Xullo 18:30 h.

18:30 h. CAPELA DO HOSPITAL

Obradoiro Teatro María Soliño **O PRINCIPIÑO**

19:00 h. EIRADO DO COSTAL

Clara Miranda: **ALEGRÍAS DE CÁDIZ**

ACCIÓNS TRANSITIVAS ¡AUCH! da Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas

20:00 h. PALCO NAVES DE OJEA


Escola de Danza Inés Núñez: **DANZAS DO MUNDO**

20:30h. PALCO DA MÚSICA

Aroa Berjón: **KAKÚN, A ÁRBORE DA MONTAÑA e A COROA, A ESPADA E O TRAXE SUAVE DE PELUCHE**

21:15h. ADRO DA IGREXA

Escola de danza Maite Quiñones: **DANZA NA RÚA**
Marga Outeiral: **GRUPO DE DANZA ORIENTAL**



REVOLTALLO EN SALA: INCENDIOS

Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas.
Auditorio Municipal, Luns 03 Xullo 22:30 h.

A EMAEC nace no 2008 co obxectivo de achegar o coñecemento da práctica teatral e mostrar ao público ese traballo coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man do equipo de Teatro de Ningures.

Aquí fálase de tres incendios vitais: o de Nawal (nai), que nos pon diante dunha vida agochada de procura fallidas e de activismo; o de Jeanne (filla), capaz de descarrar a vida cómoda nun polígono vital e familiar de suposta seguridade, e o de Simón, que nos enfrenta cunha vida que tamén arrasa inseguridades.

Reparto:

Anabel Budiño, Estevo Lemos, Iria de Pazos Bugarín, Sócrates Perez, Alex Rodriguez, Roberto Montes, Rosa E. Gantes, Ángeles Mendiña, María Fernandez, Ana Iglesias, Bárbara Barcia e a colaboración especial de Lois Soaxe como Nihad.

Técnico: Hector Pazos

Realización audiovisual: Tatiana Fervenza Budiño, Aarón Brun, Gonzalo Torres e Borja Brun.

Fotografía e vídeos: Iago Costas

Espazo sonoro: Xosé Ramón Rocha

Escenografía e vestuario: EMAEC

Tradución: Xosé Manuel Pazos

Iluminación: Salvador del Río

Dirección: Casilda Alfaro

Agradecemos a colaboración de Lois Soaxe, Tatiana Fervenza Budiño, Aarón Brun, Gonzalo Torres e Borja Brun.

ENCONTRO E DIÁLOGO D@S AXENTES TEATRAIS: A EXHIBICIÓN TEATRAL EN GALICIA

Casa da Cultura, Mércores 05 Xullo 16:30 a 20:00 h.

Este encontro busca establecer canles de comunicación entre as entidades e persoas implicadas profesionalmente no proceso de exhibición teatral, co obxectivo de potenciar e estimular o achegamento entre as partes; dando continuidade ás Mesas de traballo realizadas en Pontevedra no CULTURGAL 2016.

Participan:

Luciano Fernández. Pazo de Cultura de Narón.
Pilar López. Técnica de Cultura do Concello de Foz.
Julio Perugorria. Produtor e Distribuidor.
Belén Pichel. Produtora. Presidenta de Escena Galega
Juan José Pérez. Director do Auditorio Municipal de Cangas.
Mabel Rivera. Actriz. Vicepresidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

PRESENTACIÓN DA ERREGUETÉ

Capela do Hospital, Venres 07 Xullo 20:00 h.

A erregueté – Revista Galega de Teatro presenta o seu número de verán ofrecendo unha dobre mirada sobre a dramaturxia contemporánea. Faino a través dun encontro coas últimas autoras galegas editadas pola publicación: María Armesto e a súa Winnie son eu (erregueté 89) e AveLina Pérez e os seus Os cans non comprenden a Kandinsky (erregueté 91).

Participan:

Vanesa Sotelo
Manuel Xestoso
AveLina Pérez
María Armesto

ESTATUTO D@S ARTISTAS/TRABALLADOR@S DA CULTURA

Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 12:00 h.

Encontro informativo sobre o Estatuto d@s Artistas entre as asociacións profesionais das artes escénicas e audiovisuais de Galicia e Iñaki Guevara, Secretario Xeral da Unión de Actores e Actrices, sindicato estatal promotor do Estatuto.

Participan:

AAAG. Asociación de Actores e Actrices de Galicia.
AGA. Academia Galega do Audiovisual.
AGAG. Asociación Galega de Guionistas.
CREA. Asociación de Directores e Realizadores de Galicia.
DramaturGa. Asociación Galega Dramaturxia.
FAETEDA. Federación Estatal de Asociacións de Empresas de Teatro e Danza.





PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A Cándido Pazó, Galiza.

Auditorio Municipal, Sábado 08 Xullo 22:30 h.

A comisión organizadora da XXXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas decidiu conceder o Premio Xiria ao Labor Teatral ao actor, director, contacontos e dramaturgo, Cándido Pazó, pola súa fecunda traxectoria profesional e polo seu excepcional labor como narrador oral e dramaturgo, convertendo a oralidade popular nunha linguaxe propia, estilizada e universal.

Nacido en San Paio de Navia (Vigo) en 1.960, director, autor teatral, actor e narrador oral, foi o benxamín da xente de teatro que xurdiu ou que se deu a coñecer arredor das históricas Mostras de Ribadavia.

Como autor ou como director, ou as dúas cousas a un tempo, ten estreadas numerosas pezas, entre as que destacan: O Melro Branco (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil en 1989) Commedia, un xoguete para Goldoni (Premio Compostela en 1993, Premio de la Crítica del País Valenciano en 1994 e Premio da Asociación Independente de Teatro de Alicante en 1995), Nano (Premio María Casares á Mellor Dirección e Premio María Casares á Mellor Adaptación, partillado, en 1999), O bululú do linier (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal no 2000), Ñiqui-Ñaque (Premio Max ao Mellor Texto Orixinal en Galego en 2002), Bicos con Lingua, con outros autores (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2004), García (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2005), Emigrados, con outros autores (Premio Max ao Mellor Texto Orixinal

en Galego en 2008), A piragua (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2008), As do Peixe (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2014), A casa do avó (Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil en 2015), O tolleito de Inishmaan (Premio María Casares á Mellor Adaptación en 2017) ou Memorias dun neno labrego, espectáculo unipersonal estreado en 2011, no que é tamén actor, e que leva máis de 170 funcións a día de hoxe, continuando en cartel na actualidade.

Ten dirixido ou escrito (obra orixinal, adaptación ou tradución) para compañías como Teatro do Malbarate, Teatro do Noroeste, CDG, Teatro de Adro, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, A Escola da Noite de Coimbra ou Canadayr Théâtre de Bruxelas. Colabora asiduamente, nas súas funcións de autor ou director, con Talía Teatro e Títeres Tanxarina. Foi fundador, así como director de escena e autor titular, de compañías como Tranvía Teatro, Ollomoltranvía, Abrapalabra ou, na actualidade, Contraproducións.

No ano 2000 fixo parte dos autores escollidos na Maratón Europea da Creación Teatral celebrada en Bruxelas pola súa Capitalidade Europea da Cultura.

Do ano 2000 ao 2008 foi profesor visitante na Escola de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

Desde 1997 é narrador oral, estando presente en numerosas programacións de contos e monólogos cómicos de Europa, África e América Latina.

Cunha vida profesional e creativa centrada basicamente no ámbito das artes escénicas, a súa presenza no audiovisual concrétese en pequenas e esporádicas participacións como actor en cine e televisión ou como guionista en series como Pratos Combinados ou Mareas Vivas.

Como recoñecemento á súa traxectoria no ano 2014 recibiu o Premio de Honra da Mostra Internacional de Ribadavia (Premio "Roberto Vidal Bolaño") e o Premio da Cultura Galega no apartado de Artes Escénicas.



I TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MESTRA DE CERIMONIAS:

ESTHER F. CARRODEGUAS

PARTICIPAN:

NOELIA TOLEDANO

AVELINA PÉREZ

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ

ROI VIDAL PONTE

CARLOS LABRAÑA

JULIO FERNÁNDEZ


Diego Seoane 2017

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO

34 CÓMICO E FESTIVO



www.mostrateatrocangas.org



Organiza:



Patrocina:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

CANGAS 2017

30/06 _ 08/07